

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNIVERSITARIO PARA MAIORES NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, con NIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019; con enderezo no Edificio Exeria, campus universitario, 36310, Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas, así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991.

II. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferida esta competencia polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

IV. A Universidade de Vigo é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

Son funcións da universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e, especialmente, a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación-ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para o desenvolvemento do programa obxecto de concesión dunha subvención a través da sinatura deste convenio de colaboración; o Programa Universitario para maiores.

Co obxectivo de dar formación ao longo da vida, o plan estratéxico da Universidade de Vigo recolle, entre os seus obxectivos, o desenvolvemento dunha oferta de titulacións propias, entre elas as do Programa universitario para maiores, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna.

Así, o Programa universitario para maiores oferta as seguintes titulacións propias: Formación ao longo da vida profesional (externa e interna), programa de maiores e formación complementaria e impártese, simultaneamente, nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Este programa conta con dous ciclos: Ciclo Intensivo e Ciclo Integrado.

O Ciclo Intensivo está constituído por materias específicas creadas para as persoas maiores de 55 anos.

O Ciclo Integrado destinado ao alumnado do programa que teña superado o Ciclo Intensivo. Neste ciclo o alumnado pode continuar os seus estudos asistindo a materias de titulacións oficiais de grao, para compartir espazos e actividades co demais alumnado de grao matriculado nas mesmas titulacións.

Para o ano natural 2025 o programa para maiores que se pretende subvencionar, abarca parte das actividades dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026.

V. A Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lle faciliten a estas persoas o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

A Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo establecen a súa colaboración cara a formación das persoas maiores, a través da concesión directa dunha subvención para a realización deste programa de desenvolvemento científico-cultural, dirixido a promover a ciencia e a cultura entre as persoas maiores, ao mesmo tempo que as relacións interxeracionais.

Así, a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lles faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

VI. Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que expidan títulos universitarios para este

colectivo que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e persoas beneficiarias*

O presente convenio ten por obxecto contribuír ao financiamento pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención pública para a realización pola Universidade de Vigo nos seus campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, dun programa universitario específico denominado *Programa universitario para maiores*, no exercicio 2025.

Trátase dun proxecto de desenvolvemento sociocultural dirixido ás persoas maiores de 55 anos, con ou sen titulación, que favorece a súa incorporación á vida universitaria.

Con este programa enmarcado dentro do Centro de Posgrao e Formación Permanente, facilítaselles ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social, ao mesmo tempo que se potencian as relación intra e interxeracionais.

Obxectivos do programa:

- Fomentar a participación do estudiantado na sociedade actual.
- Potenciar o seu labor como axente dinamizador do seu propio contexto sociocultural.
- Formar o estudiantado no proceso de adaptación aos cambios da sociedade.
- Facilitar as relacións intra e interxeracionais.
- Garantir os instrumentos necesarios para a aprendizaxe ao longo da vida.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. Considéranse actuacións subvencionables as derivadas da actividade académica do Programa universitario para maiores, no ano natural 2025 subvencionado, comprendidas tanto no segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025, como no primeiro cuadrimestre do 2025-2026.

O Programa universitario para maiores consta de dous ciclos: Ciclo intensivo e Ciclo integrado.

2. No Ciclo intensivo, as actividades que se desenvolven son as propias da aprendizaxe ao longo da vida adaptado ás persoas maiores de 55 anos. O desenvolvemento realizarase a través da asistencia a clases teóricas, traballos en grupo, grupos de discusión, estudo de casos e asistencia a prácticas.

Este ciclo intensivo ten unha carga académica de 60 créditos distribuídos en materias de 3 créditos e en actividades complementarias de 1,5 créditos. As materias estarán orientadas á divulgación de diferentes temas científico-culturais, facilitando a análise e a reflexión sobre aspectos relacionados con elas mesmas e outras persoas; a contorna natural, social, cultural e científica; a evolución e as achegas da humanidade; a sociedade e a cultura actual e futura. Tamén terán como obxectivo, no seu conxunto, iniciar posibles orientacións temáticas con vistas á continuación de estudos no ciclo integrado.

O número total de materias que se oferta no Ciclo Intensivo, nos catro cursos que conforman o mesmo son: 32 no Campus de Ourense, 42 en Pontevedra e 57 no Campus de Vigo, como a continuación se relaciona:

a) Campus de Ourense, segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025:

- Primeiro Curso:

- A importancia da saúde
- Introducción á nosa historia
- Inglés II
- Cuestións prácticas de dereito

- Segundo Curso:

- Dereito básico
- Identidad psico-social da persoa adulta
- Informática básica
- Comer con ciencia

- Terceiro Curso:

- Intelixencia emocional
- Introducción a música e expresión musical
- Novas a maiores
- Como entender os impostos

- Cuarto Curso:

- Dieta galega e saúde
- Internet: compartir información e imaxes na rede
- Ofimática avanzada
- Sexualidade e afectividade ao longo do ciclo vital

Campus de Ourense, primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

- Primeiro Curso:

- Introducción á informática
- Introducción á filosofía contemporánea
- Inglés I
- Cultura e pensamento
- Comunicación Corporal

- Segundo Curso:
 - Temas actuais de economía
 - A Unión Europea
 - Análise sensorial de alimentos
 - Comunicación e habilidades sociais
- Terceiro Curso:
 - Ciencia, tecnoloxía e cultura
 - Fundamentos de meteoroloxía
 - Internet e a sociedade da información
 - Presenza europea do mundo
- Cuarto Curso:
 - Diversidade paisaxística e cultural
 - Grandes problemas ambientais no noso tempo
 - Microorganismos e saúde humana

b) Campus de Pontevedra, segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025:

- Primeiro Curso:
 - Saúde física e psicolóxica nas persoas adultas maiores
 - Introducción a nosa historia I
 - Historia da arte
 - Relacións públicas e comunicación corporativa
 - Marcha Nórdica I
- Segundo Curso:
 - Claves para entender a publicidade

- Marcha Nórdica II
- Inglés II
- Introducción á informática II
- Barco Dragón: deporte náutico para maiores.
- Terceiro Curso:
 - Introducción á ecoloxía evolutiva
 - Introducción á nosa historia II
 - Historia e estética do cinema II
 - Seguridade e conflitos internacionais
 - Coidados para favorecer o envellecemento activo e saudable
 - Lingua e cultura francesas
 - Pilates sénior
- Cuarto Curso:
 - Ciencia Política, cidadanía e gobernanza
 - Marcha Nórdica III
 - Seguridade e conflitos internacionais
 - Música e sociedade
 - Temas de economía
- Biomecánica: coñece como funciona o teu corpo

Campus de Pontevedra, primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

- Primeiro Curso:
 - Introducción á informática
 - A nosa cidade e as súas cousas

- Fotografía con smartphone I
- Introducción ao sistema xurídico español
- Historia e estética do cinema
- Segundo Curso:
 - Xadrez: Ximnasia para o cerebro
 - Inglés I
 - Protección do Patrimonio Cultural
 - Grandes problemas ambientais do noso tempo I
 - Primeiros auxilios e autoprotección para maiores no medio acuático e terrestre
 - Fotografía con smartphone II
- Terceiro Curso:
 - Europa: significado, historia e culturais
 - Inglés III
 - Ciencia e vida. Experiencias desde a vivencia
 - Cultura científica
 - Imprescindibles da literatura española
- Cuarto Curso:
 - Filosofía da ciencia e da tecnoloxía
 - Obradoiro de expresión musical
 - Lingua galega
 - Ecocrítica e literatura galega

c) Campus de Vigo, segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025:

- Primeiro Curso:

- Fisioloxía humana e saúde
- A promoción da saúde e do autocoidado
- Historia da química
- A linguaxe dos medios de comunicación
- Filosofía centrada no autocoñecemento II
- Uso de plantas en Galicia
- Matemáticas recreativas
- A nosa cidade e as súas cousas
- Lingua Galega II
- Informática avanzada
- Segundo Curso
 - Aforro e investimento en economías domésticas
 - Taller de artes creativas
 - Tecnoloxía do noso contorno II
 - Inglés II
 - Taller de socioloxía: temas de actualidade
 - Alambiques e outros armatostes: cociña & química
 - Uso de plantas en Galicia II
- Terceiro Curso
 - As novelas exemplares de Cervantes: unha literatura para lecer
 - Aproximación á linguaxe da comunidade xorda
 - Linguaxe musical e educación auditiva
 - Psicoloxía na idade adulta II

- Cultura Galega
- Inglés IV
- Cuarto Curso
 - Pensamento racional e científico
 - A química e a sociedade do benestar
 - Linguaxe musical e educación auditiva II
 - Acústica musical
 - A xenética e a humanidade II
 - Ciencia e conservación do Patrimonio Cultural
 - As linguas e competencia intercultural

Campus de Vigo, primeiro cuadrimestre do curso académico 2025-2026:

- Primeiro Curso:
 - Introducción á Informática
 - Lingua Galega
 - Obradoiro de física básica e astronomía recreativa
 - Historia da arte
 - Filosofía centrada no autocoñecemento I
 - Oratoria
- Segundo Curso
 - Tecnoloxía do noso contorno
 - Zooloxía: a diversidade do mundo animal
 - Historia de Galicia I
 - Inglés I

- Todo e ciencia
- Terceiro Curso
 - Psicoloxía na idade adulta I
 - Panorámica do cine español dos anos 50
 - Historia de Galicia II
 - Inglés III
 - Xeografía de Galicia. Paisaxes naturais e humanas
 - Mitoloxía e épicas xermánicas
 - Historia da arte II
- Cuarto Curso
 - Historia da Ciencia, tecnoloxía e cultura
 - Introducción á elaboración de guións cinematográficos
 - Novas tecnoloxías
 - Cogomelos: usos na cultura galega
 - A xenética e a humanidade I
 - Ciencia da luz e da cor
 - Historia das ideas evolucionistas
 - Literatura Grecolatina: Helenística

3. Polo que se refire ao ciclo integrado, a oferta neste ciclo realizarase con materias que sexan impartidas nalgunha das titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo e que cada centro, en cada un dos tres campus, oferte para o Programa universitario para maiores, durante o ano natural 2025 subvencionado, abarcando parte das actividades dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026, como xa se indicou.

Así, as materias ofertadas clasificaranse en catro ámbitos de coñecemento en función da titulación de orixe: humanidades, ciencias, enxeñería ou ciencias sociais e xurídicas.

Para a matrícula, o alumnado do ciclo integrado deberá elixir entre todas as materias de grao que se lle oferten no campus elixido, e que se desenvolverán ao longo dos dous cuatrimestres en cada un dos campus.

No Ciclo Integrado, por Campus, a previsión da oferta é:

- Ourense 95 materias.
- Pontevedra 49 materias.
- Vigo 81 materias.

4. Ademais das actividades regradas de cada unha das materias que compoñen o plan de estudos do Programa universitario para maiores están previstas outras actividades complementarias que se desenvolverán ao longo dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026, que son as seguintes:

Campus de Ourense:

- a) Visita á Reitoral de Gundivós, ao mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón e ao Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos (Escolapios). Esta actividade enmarcase dentro do programa da materia: *"Diversidade paisaxística e cultural"*, que foi seguida pola maioría do alumnado da mesma (13 persoas). A saída tamén comprenderá a visita a un dos centros tradicionais da cerámica de Galicia onde un dos oleiros fará unha demostración do preparado dunha peza de forma tradicional.
- b) Ao longo do segundo cuatrimestre do curso académico 2024/2025, levouse a cabo a confección da revista de título, "Acta diurna" redactada e editada polo alumnado da materia *"Novas a maiores"* do terceiro curso do programa do Campus de Ourense, composta de artigos de divulgación e opinión. Todo o alumnado da materia colabora na revista que consta de mais de 10 artigos e 36 páxinas.
- c) No segundo cuatrimestre do curso académico 2024/2025, realizouse a visita ao Centro Tecnolóxico de la Carne (CETECA), para todo o alumando da materia *"Comer con Ciencia"* impartido no segundo curso.
- d) Saída-visita ás instalacións da Garda Civil de Ourense para coñecer os seus servizos a favor do cidadán e prevención de delitos relacionados con persoas maiores. Trátase dunha actividade transversal que aborda cuestións de seguridade física e ciberseguridade, que

contribúe a reforzar a autonomía das persoas maiores e a súa capacidade de integración nun mundo conectado e dixitalizado, o que responde aos obxectivos xerais do programa.

- e) Saída de estudos a Malta. Coñecer in situ países e modelos de benestar da Unión Europea e visitar lugares emblemáticos da historia da filosofía, especialmente orientado ás materias “Introdución á filosofía contemporánea” e “Unión Europea”.
- f) Participación na iniciativa “Embaixadores da ciencia” promovido pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. Esta actividade levou o título “A experiencia de crear cine na aula: unha charla con protagonistas”. Esta charla está especialmente relacionada coa materia “Novas a maiores”, no marco da cal xurdiu a idea de crear a película “12 no Camiño”, centrada no camiño de Santiago.

Campus de Pontevedra:

- a) Saída de campo ao Museo de Pontevedra para visitar as salas dedicadas a Castelao. A saída forma parte do programa da materia “A nosa cidade e as súas cousas” e conta coa participación de 10 alumnos/as.
- b) Saída ao centro histórico da cidade de Pontevedra, dende a Igrexa Virxe Peregrina e con recorrido por diferentes puntos da cidade. A saída forma parte do programa da materia “Protección do Patrimonio Cultural” e conta coa participación de 9 alumnos/as dos 11 matriculados/as.
- c) Actividade complementaria “Cata de chocolate” organizada coa colaboración de solidaridadgalicia.org, na que participarán mais de 25 alumnos/as do Programa universitario para maiores. Nesta actividade, cunha duración de dúas horas, abordarase a problemática do comercio xusto e como as condicións de traballo en diferentes países e a forma como se xestionan o comercio do produto inflúe directamente na vida de moitas persoas en países menos desenvolvidos. Ademais realizarase unha cata de chocolate por todos/as os/as participantes.
- d) Charla na Casa das Campás (vicerreitorado do Campus de Pontevedra) sobre “*fraxilidade e caídas*”. Charla proposta pola Asociación do Alumnado e Exalumnado Sénior da Universidade de Vigo en colaboración co profesorado do Programa de Maiores. A súa temática centrarase en entender a fraxilidade, como avaliar a fraxilidade, como tratar e previr ás caídas e que

facérse hai unha caída. A participación será de 40 persoas entre alumnado do Programa universitario para maiores (Campus de Pontevedra) e público xeral.

- e) Saída de campo ao Parlamento de Galicia na cidade de Santiago de Compostela. A saída forma parte do programa da materia *"Introdución ao sistema xurídico español"*.
- f) Evento titulado "Ponteciencia" celebrado na cidade de Pontevedra, organizada polo Concello de Pontevedra en colaboración coa Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), e que ten como sede a Escola de Enxeñaría Forestal. Contarase coa participación do alumnado sénior nese evento e en obradoiros e charlas diversas relacionadas con diferentes temáticas como a fotografía, os drons, a supervivencia na natureza, ou o xadrez, ademais de presentación de traballos relacionados coa lingua galega e novas propostas que poidan xurdir.

Os obradoiros de fotografía, xadrez e supervivencia da natureza están directamente relacionados coas materias de "Fotografía con Smartphone I e II", "Xadrez: ximnasia para o cerebro" e "Marcha Nórdica I, II, III", respectivamente.

- g) Iniciativa "Embaixadores da ciencia" promovida pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. Adoitase invitar a algún dos/as alumnos/as do Programa universitario para maiores con experiencia profesional nun campo científico a contar a súa traxectoria, ou ben con experiencia nunha temática específica relacionada coa ciencia, a falar durante un par de horas nun coloquio/café.

Esta proposta, que se enmarca dentro do plan anual Ciencia de ida e volta da UCC+i da Universidade de Vigo, financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) – Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, comprende relatorios de estudantes sénior da Universidade que, acompañados e asesorados por persoal investigador de cada un dos eidos, teñen lugar en cafeterías de Vigo, Pontevedra e Ourense.

- h) Prevese a organización dunha exposición fotográfica co material xerado polo alumnado do Programa universitario para maiores, nas clases das materias de *"Fotografía con smartphone I y II"*, que serve de chamamento ao alumnado de novo ingreso.
- i) Tamén se prevé a impartición de, a lo menos, dúas charlas de captación para novo alumnado do Programa universitario para maiores do Campus de Pontevedra durante o mes de xuño, a petición do Concello de Poio e do Club Militar de Campolongo – Pontevedra.

A actividade é fundamental para aumentar matrículas de novo ingreso no campus de Pontevedra, tendo en conta que a captación do alumnado de novo ingreso debe ser algo potenciado pola institución.

Campus de Vigo:

- a) Clase práctica de informática co programa Stellarium, actividade relacionada coa materia *"Obradoiro de física e astronomía recreativa"*.
- b) Prácticas de laboratorio relacionadas coa materia *"Zooloxía: Determinación de especies e disección dun peixe"*.
- c) Saída de campo e/ou práctica relacionada coas materias *"Xeografía de Galicia"* e *"Historia de Galicia II"* de terceiro curso. Nº de asistentes: 33 alumnas/os máis dous profesores.
- d) Visita a ascensores ENOR, situado no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. O alumnado de segundo, que cursa a materia *"Tecnoloxía do noso contorno"* coñecerá os elementos de seguridade dun ascensor. Nº de asistentes: 14
- e) Saída ao Museo Provincial de Pontevedra co alumnado de segundo curso. A actividade forma parte do programa da materia de *"Historia de Galicia I"*.
- f) Visita ao Laboratorio de Ciencia de Materiais da Escola de Enxeñería Industrial. O alumnado da materia de cuarto curso *"Química e a sociedade do benestar"* achegárase aos diferentes tipos de materiais e as súas propiedades.
- g) Práctica de Laboratorio na Escola de Enxeñería Industrial (sede Campus). O alumnado da materia de cuarto curso *"Química e a sociedade do benestar"* presenciara probas para coñecer o comportamento en servizo dos materiais e ensaios.
- h) Visita prevista ao planetario da Escola de Náutica do Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico, alumnos de primeiro curso. Forma parte das actividades prácticas da materia *"Obradoiro de física, astronomía e astrobioloxía"*.
- i) Preparación de experimentos e/ou actividades para o obradoiro *"Participación en Ponteciencia 2025"*.
- j) Participación en Ponteciencia 2025. Feira da miniciencia organizada polo Concello de Pontevedra en colaboración coa FECYT e que se desenvolve cada ano na Escola de

Enxeñería Forestal de Pontevedra. Prevese que os estudantes do programa do campus de Vigo participen polo menos nun obradoiro. Participantes: alumnos de cuarto curso e 3/4 profesores do Programa Universitario para Maiores.

- k) Visita ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán. Obxectivos: aplicar os contidos teóricos da materia *"Usos das plantas en Galicia"* de xeito práctico, coñecer o espazo do xardín do Pazo de Lourizán e observar especies vexetais pouco comúns presentes no xardín.
- l) Visita ao Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO). Forma parte das actividades prácticas da materia obrigatoria *"Fisioloxía humana e saúde"*.
- m) Presentacións dirixidas ao alumnado da materia *"Fisioloxía Humana e Saúde"* que levarán a cabo profesorado da Universidade de Vigo.
- n) Saídas programadas relacionadas coa materia *"A nosa cidade e as súas cousas"* co obxectivo de coñecer, respectar e valorar cada un dos bens culturais que se comprenden neste percorrido pola prehistoria, historia e arquitectura da nosa cidade.
- o) Participación nas xornadas "Embaixadores da Ciencia"
- p) Actividades do Coro Sénior do Campus Vigo.
- q) Actividades do Grupo de Teatro do Campus Vigo.
- r) Actividades habituais no Club de lectura "Lerpeiros".

Estas tres últimas actividades son complementarias ao Programa Universitario de Maiores. Son actividades organizadas polos alumnos do apoio da coordinación do Programa e da Universidade.

5. Por último, sinálanse outros actos:

- Acto de apertura do Programa universitario para maiores en cada un dos tres campus, dividido por aulas.
- Actos de clausura do Programa universitario para maiores en cada un dos tres campus, dividido por aulas.
- Acto de graduación do alumnado do Ciclo Intensivo e do Ciclo Integrado dos tres campus que terá lugar no Campus de Vigo.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Universidade de Vigo, é de 94.869,00 €.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira a Consellería de Política Social e Igualdade achegará durante o exercicio 2025, un total de **trinta e dous mil euros (32.000,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 8.05.312E.444.0.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, esta previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal e de natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda durante o ano natural 2025 subvencionado que, como xa se indicou, abarca parte das actividades dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. A Universidade de Vigo deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así mesmo deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar as actuacións que conforman o programa que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de fiscalización e control financeiro, que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas,

para o que se facilitará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións que conforman o programa subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco do convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

g) No deseño e desenvolvemento do programa e das súas actuacións, obxecto da concesión da subvención a través do presente convenio, incorporárase, de xeito transversal, o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

h) Diseñar e desenvolver as actuacións do programa a subvencionar a través do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas maiores con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

i) Incluír, se é o caso, na súa programación de actividades, aquelas que estean destinadas, entre outros ámbitos: á promoción da saúde e o benestar, ao desenvolvemento persoal e ciclo vital, á promoción da participación e do voluntariado e ao uso e manexo das novas tecnoloxías.

j) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de

novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 49 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

A previsión do anticipo faise tendo en conta as necesidades financeiras da Universidade de Vigo e destinarase aos gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das citadas actividades.

b) O 51% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal e gastos correntes, efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda, e detallados na memoria económica e xustificativa, que se vaian realizar no ano 2025. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2025**.

2. No momento da presentación da xustificación dos gastos das actuacións do programa a subvencionar a través do convenio e, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2025**, a entidade presentará a seguinte documentación:

a) Informe-memoria detallado de cada unha das actuacións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, na que se faga constar:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do dito programa e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondentes a 2025, consideraranse xustificadas coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á percepción da subvención, o que dará lugar á obriga do reintegro desta na súa totalidade, ou da parte proporcional non xustificada e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Incumplimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións que conforman o programa a subvencionable a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que

dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A Universidade da Vigo designará o persoal necesario para realizar as actuacións -do programa a subvencionar relacionadas na cláusula segunda, que poderá ser do cadro de persoal da Universidade, ou contratado para impartir unha materia específica.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Subcontratación*

A Universidade de Vigo é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actuacións que conforman o programa subvencionado fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata o 60 % do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actuacións programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Universidade de Vigo, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Universidade de Vigo, así como as súas suplentes, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia:

Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións do programa formativo a subvencionar.

DÉCIMO CUARTA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. *Información básica de protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través

deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable, de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou, para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Así mesmo, rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, así como, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra os acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou, se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas partes comparecentes, no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade

Pola Universidade de Vigo

A conselleira

O reitor

Fabiola García Martínez

Manuel Joaquín Reigosa Roger